

Resolución do 17 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as vacantes provisionais que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre persoal funcionario docente do corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación. (código de procedemento ED012A).

Mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 (DOG n.º 214, 8 de novembro) convocouse o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A).

De conformidade co que establece a base segunda da dita orde, esta dirección xeral

RESOLVE

Primeiro. Publicar nos anexos desta resolución que de seguido se indican as vacantes provisionais para o curso 2021/2022 dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño, inspectores de educación e mestres.

Anexo I:	Vacantes provisionais do corpo 555
Anexo II:	Vacantes provisionais do corpo 590
Anexo III:	Vacantes provisionais do corpo 591
Anexo IV:	Vacantes provisionais do corpo 592
Anexo V:	Vacantes provisionais do corpo 593
Anexo VI:	Vacantes provisionais do corpo 594
Anexo VII:	Vacantes provisionais do corpo 595
Anexo VIII:	Vacantes provisionais do corpo 596
Anexo IX:	Vacantes provisionais do corpo 597

Segundo. Todas as vacantes provisionais que figuran nos anexos desta resolución poderán ser obxecto do concurso de traslados.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

